Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500

CIRCULAR 198-2026.
CRITERIOS PARA ASISTIR COAS SELECCIÓNS GALEGAS 2027

A composición das seleccións galegas será competencia da Dirección Técnica, que terá como órgano consultivo aos responsables de sector, e que terá por obxecto a convocatoria das seleccións que representen a Galicia na mellor das condicións e garantías.

A comisión técnica da FGA terá en conta os criterios de selección expostos no presente documento, establecéndose uns criterios xerais para todas as convocatorias, así coma uns criterios específicos para aquelas que así o requiran.

Aqueles atletas que, competindo fóra de Galicia, non teñan subido a ránking RFEA algún resultado de relevancia ao día seguinte do que vence o prazo indicado neste documento para a obtención de méritos, deberán comunicalos ese mesmo día a direcciontecnica@atletismo.gal para ser tidos en conta.

1. Criterios xerais

- Resultado no último Cto. de Galicia celebrado na tempada da respectiva categoría.
- Posto no ránking galego da tempada.*
- Estado de forma e resultados nas últimas datas.*
- Regularidade e solvencia.
- Valoración da comisión técnica da FGA.

**Salvo indicación expresa nos criterios específicos, valoraranse os resultados obtidos ata dúas semanas antes do Campionato. Non se terán en conta, polo tanto, os acadados na propia semana do campionato, nin na anterior.*

2. Criterios específicos

	¿Criterios específicos?
Campo a través	SI
Marcha en ruta Sub 16 e Sub 20	SI
Trail Running	SI
Probas Combinadas	Pendente (data sen confirmar)
Sub 18 en pista	NON
Absoluta en pista	NON
Sub 16 en pista	SI

2.1. Campo a Través (23-24 xaneiro)

Convocaranse un máximo de 5 atletas por categoría e sexo.

- Sub 18 e Sub 16
  - Clasifícanse directamente os/as catro primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
  - As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.
- Absoluto, Sub 23 e Sub 20
  - Clasifícanse directamente os/as tres primeiros/as atletas seleccionables no Cto. de Galicia de Campo a Través.
  - As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, non sendo obrigado completar a selección nin as prazas se o nivel o desaconsella.
- Remuda mixta
  - Teranse en conta as marcas realizadas nas probas de 1.500 e 3.000 en pista, comparadas estas por táboa de puntos World Athletics, segundo o seguinte:
    - Marcas realizadas entre o 01/01/2026 e o 31/10/2026: **100% dos puntos.**
    - Marcas realizadas entre o 01/11/2026 e o 10/01/2027: **105% dos puntos.**

2.2. Marcha Sub 16 e Sub 20 en ruta (14 febreiro)

Convocaranse un máximo de 5 atletas por categoría e sexo. A categoría Sub 20 pode estar composta por atletas Sub 18 e Sub 20.

Clasifícanse directamente os 3 atletas seleccionables, para cada categoría e sexo, que obteñan mellor marca no Cto. de Galicia de Marcha en Ruta, sempre e cando os tempos realizados sexan inferiores ás seguintes marcas:

- Sub 16 feminino → 31'38" (500 puntos)
- Sub 16 masculino → 27'45" (500 puntos)
- Sub 20 feminino → 57'13" (700 puntos)
- Sub 20 masculino → 51'08" (700 puntos)

As prazas restantes rexeranse polos criterios xerais, tendo como referencia os resultados obtidos ata o 17 de xaneiro.

2.3. Trail Running (11 abril)

Para a composición da selección galega de Trail Running establécense os seguintes límites de participación e criterios de clasificación:

		Prazas de clasificación directa		Puntuación ITRA	
Selección	**Máx./sexo**	**Ranking Galego**	**Cto. Galicia**	**Fem**	**Masc**
Absoluta	5	3	1º/1ª	651	751
Sub 23	4	2	1º/1ª	601	701
Promoción	4	2	1º/1ª	501	601
Sub 16	2	1	1º/1ª	501	601

- O Campionato de Galicia e o Ranking Galego de Trail Running corresponderán á modalidade Classic para as seleccións Absoluta e Sub 23, e á modalidade Preclassic para as de Promoción e Sub 16.

- A selección absoluta poderá estar integrada por atletas das categorías Sénior, Máster e Sub 23, mentres que a selección de Promoción estará integrada por atletas Sub 18 e Sub 20.

- A praza de clasificación directa do Campionato de Galicia de Trail Running corresponderá ao/á primeiro/a atleta seleccionable de cada selección, sempre que acade a puntuación mínima ITRA establecida.

- As prazas restantes, de ser o caso, cubriranse conforme os criterios xerais de selección, sen que exista obriga de completar a totalidade das prazas se o nivel deportivo o desaconsella.

2.4. Sub 16 en pista (16-17 outubro)

- A convocatoria farase en base aos criterios xerais, tomando como referencia os resultados obtidos ata finais de xullo.

A Coruña, a 26 de novembro de 2026

GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K

Firmado digitalmente por GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-32663747K, givenName=YOLANDA, sn=GONZALEZ FERNANDEZ, cn=GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Fecha: 2026.11.26 20:05:03 +01'00'

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo